



Obradoiro “Potenciando os nosos recursos desde a Psicoloxía Educativa”

RELATORA

Marga Herrero de Vega.

ORGANIZA

Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

COORDINA

Concepción López Martín (G-2981).

DURACIÓN

2 horas.

DATA E HORARIO

Sábado, 18 de setembro de 2021.
De 10:00 a 12:00 horas.

MODALIDADE

En liña. Plataforma Moodle e ZOOM.

PRAZAS

100.

PREZOS

Membros da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, psicólogos/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao de Psicoloxía, do máster ou doutoramento en

Psicoloxía.....	10€
Psicólogos/as colexiados/as.....	15€
Psicólogos/as non colexiados/as	30€

OBXECTIVO

No obradoiro presentaranse ferramentas de intervención e comunicación para favorecer a motivación ao cambio e axudar a que o alumnado conecte cos seus propios recursos.



Obradoiro “Potenciando os nosos recursos desde a Psicoloxía Educativa”

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O obradoiro terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos colexiados membros da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarse por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar a xornada formativa entregárase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da duración da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais.

Para as tarifas de demandante de emprego, axuntárase informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a tarxeta de demandante de emprego. Para as tarifas de estudante achegarase copia da matriculación no curso actual.

Último día de inscrición: 14 de setembro de 2021.

RELATORA

Marga Herrero de Vega



Doutora en Psicoloxía, terapeuta familiar e supervisora en terapia familiar acreditada pola FEATF.

Foi profesora na Universidade Pontificia de Salamanca na Facultade de Psicoloxía desde o ano 1999 ata o ano 2012, e profesora no Master Universitario en Terapia Familiar e Intervencións Sistémicas da UPSA entre 1999 e 2012.

Desde o ano 2013 ata a actualidade dirixe e exerce a práctica clínica no centro sanitario “Instituto de Psicoterapia” de Salamanca e colabora como formadora e supervisora en diferentes ONGs e centros educativos nos que traballa directamente co profesorado e titores, orientadores e equipos especializados en trastornos de conduta.

É autora, xunto a Mark Beyebach, de “Como criar hijos tiranos”(2013); “200 tareas en terapia breve” (2016) e “Intervención escolar centrada en soluciones. Conversaciones para el cambio en la escuela” (2018).

Xunto a Pilar Ortiz Vázquez, son as creadoras do material especializado tanto para o ámbito clínico como educativo “Purita Ilusión”.



Obradoiro “Potenciando os nosos recursos desde a Psicoloxía Educativa”

PROGRAMA

1. Breve introdución á Intervención escolar centrada en solucións.
2. Manexo do eloxio como ferramenta para favorecer o clima na aula.
3. Uso do material terapéutico “Purita ilusión” en liña como instrumento para facilitar a comunicación.